

# ENTROIDO 2026 TUI

Martes 17 de febreiro de 2026 ás 17:00h

Bases reguladoras e Convocatoria do Concurso Desfile de Comparsas & Grupos



## PRIMEIRA. OBXECTO.

O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Ensino, Cultura e Mocidade convoca o Desfile – Concurso de Comparsas & Grupos, que se realizará dentro das actividades do Entroido 2026 na cidade de Tui, o martes 17 de febreiro, festivo local, ás 17:00 horas; co propósito de premiar o esforzo, traballo e animación que realizan as comparsas e grupos no Desfile.

## SEGUNDA. INSCRICIÓN.

### Prazo de presentación e documentación.

A inscrición levarase a cabo nos tres días hábiles seguintes á xornada da publicación destas Bases no BOPPO, e até ás 14:00 horas do último día, a través da sede electrónica do Concello de Tui en [concellotui.sedelectronica.gal](https://concellotui.sedelectronica.gal)

Para o caso das persoas xurídicas, e de acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación das solicitudes farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Tui.

As comparsas que teñan o seu domicilio social en Tui, terán prioridade na inscrición, sempre que o fagan no prazo establecido.

No intre de formalizar a inscrición (segundo anexo adxunto) é obrigatoria a presentación da seguinte documentación:

- |   |  |
|---|--|
| a. Copia do NIF da asociación participante. | c. Póliza de seguro de responsabilidade civil da asociación. |
| b. Copia do DNI do presidente da asociación | d. Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade   |

De conformidade co disposto no art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, *“As persoas interesadas teñen dereito a non aportar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou tiveran sido elaborados por calquera outra Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos salvo que a persoa interesada se opuxera a elo. Non caberá a oposición cando a aportación do documento se esixira no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección. As Administracións Públicas deberán recabar os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto.”*

## TERCEIRA. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E ÓRGANO MUNICIPAL RESPONSABLE DA INSTRUCIÓN.

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

A Concellería de Ensino, Cultura e Mocidade será o órgano responsable da instrución do procedemento.

Recibidas e revisadas as solicitudes de inscrición, o Concello poderá requirir aos participantes para que no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao requirimento, subsanen os erros e/ou acompañen os documentos pertinentes, con indicación de que se así non o fixeran, se lles terán por desistido da súa solicitude a participar no Desfile-Concurso.

Finalizado o prazo de subsanación de erros, o Concello de Tui publicará no taboleiro de anuncios físico e electrónico a relación de solicitantes admitidos no concurso e contactará cos participantes seleccionados, facilitando a información necesaria para o correcto desenvolvemento do Entroido, antes do 9 de febreiro, día do sorteo. (Enlace ao taboleiro electrónico: [concellotui.sedelectronica.gal](https://concellotui.sedelectronica.gal))

En caso de que algunha das comparsas finalmente non poda participar, debe realizar a comunicación de baixa a través da sede electrónica, modelo instancia xeral, ata o día antes, se fóra o caso o mesmo día, tamén deberán facer esta comunicación a organización.

### Novo período de inscrición en caso de suspensión.

No suposto de que o Desfile-Concurso teña que celebrarse o sábado 21 de febreiro ás 17:00h, a Concelleira de Ensino, Cultura e Mocidade poderá abrir un novo período de inscrición para aquelas entidades que, non tiveran formalizado a inscrición no período ordinario e estean interesadas en participar na nova data. Este segundo período de inscrición será só o mércores 18 de febreiro, a través da sede.

## CUARTA. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN.

1. **Comparsas:** requírese un mínimo de 35 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo indefinido.
2. **Grupos:** requírese un mínimo de 15 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo de 34 persoas.

Ámbalas dúas modalidades competirán conxuntamente nas diferentes categorías de premios.

Limitase a participación á 12 comparsas e 3 grupos inscritos, tendo sempre preferencia aquelas con domicilio en Tui.



## QUINTA. ORDE DE SAÍDA.

A orde de saída dos inscritos será mediante sorteo público, o luns 9 febreiro ás 20:00h no Salón de Plenos do Concello de Tui.

É obrigatoria a asistencia dun representante, maior de idade, por cada entidade inscrita. A cada participante outorgaráselle un número que deberá levar visible, tanto no Desfile-Concurso coma no Enterro do Bacallau. Respectarase a seguinte orde no sorteo:

- 1º - Comparsas sen música en directo realizada por instrumentos
- 2º - Comparsas con musica en directo realizada con instrumentos
- 3º - Comparsas sen carroza
- 4º - Grupos

Unha vez rematado o sorteo, os grupos e comparsas participantes poderán solicitar trocos na orde establecida, sempre respectando a orde mencionada, e suxeitos á aprobación por parte dos responsables municipais presentes.

O día seguinte ao sorteo será publicada a orde de saída no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui.

## SEXTA. PERCORRIDO.

A concentración dos grupos e comparsas participantes levarase a cabo o martes 17 de febreiro, de 15:00 a 16:30 horas, na zona habilitada nos terreos do Espazo Feiral. O acceso será obrigatoriedade por Avenida da Concordia a través de Camiño Ricamonde, colocándose en orde para a saída, que será ás 17:00 horas. O percorrido será polas rúas Mártires de Sobredo, Casal Aboy, e Compostela(1ºtramo), finalizando para desfacerse no Aparcamiento Municipal, con prohibición de paradas.

Establécese que as comparsas non poden ocupar máis de 75 metros de longo, e a separación entre elas non pode ser superior a 15 metros. As carrozas terán as seguintes medidas máximas: alto 4 metros; ancho 3 metros; longo 12 metros.

Queda totalmente prohibido, tanto no Desfile-Concurso coma no Enterro do Bacallau, empregar calquera tipo de animal, petardos ou espaxer sprays. Así mesmo, non está permitido o lanzamento de obxectos perigosos tanto ao público coma aos demais participantes.

## SÉTIMA. XURADO.

O Xurado o formarán 12 persoas da cidadanía tudense, ou representantes ou membros de asociacións ou entidades tudenses. Estará presidido pola concelleira de Cultura e fará as funcións de Secretaria/o, con voz e sen voto, persoal administrativa do Concello.

O Xurado, presidencia e secretaria/o, será nomeado ao efecto por Resolución de Alcaldía/Concelleira.

## OITAVA. CRITERIOS DE VALORACIÓN E ACTUACIÓNS DO XURADO.

Para conceder os premios do Desfile-Concurso, o Xurado formado por 12 persoas, distribuírse en 6 parellas para emitir a súa valoración. Terán a primeira xuntanza de organización e de preparación o luns 9 de febreiro ás 20:30h no Concello de Tui.

O Xurado de conformidade cos criterios de valoración sinalados, vulgará aos participantes nas diferentes modalidades a concurso, e, en consecuencia, conceder os premios e os fixos que establecen estas Bases.

O xurado terá en conta para o premio xeral os sete criterios de valoración. No caso dos premios de Carroza, Parodia, Coreografía e Música, serán outorgados ao participante con máis puntuación nestes baremos.

O Xurado ten potestade para declarar deserto un ou varios premios.

### Criterios de valoración:

1. Concorrenza. Valoración do número de participantes por comparsa ou grupo.
  - a. Os seis puntos só serán obtidos pola comparsa con máis participantes no desfile.
  - b. O resto de participantes obterán un baremo porcentual dos seus participantes con respecto á que ten máis participantes.
2. Actualidade. Valoración da temática escollida segundo a súa relación coa actualidade.
3. Vestiario. Valoración da calidade, orixinalidade e/ou dificultade de elaboración do vestiario dos participantes.
4. Parodia. Valoración da interpretación, da sátira e da crítica aplicadas polas persoas participantes no conxunto da comparsa.
5. Acompañamento musical. Valoración interpretación musical en directo con instrumentos durante o Desfile.
6. Carroza. Valoración da calidade, orixinalidade e/ou dificultade de elaboración das carrozas.
7. Coreografía. Valoración do baile, ritmo, harmonía, simpatía e linealidade do desfile en conxunto realizado.



## Baremo de puntuación

O baremo de puntuación é de 0 a 6 puntos nestes criterios, agás en acompañamento musical que é de 0 a 3 puntos, por cada parella. Esta puntuación será valorada directamente en diferentes puntos do percorrido no transcurso do desfile polas parellas do xurado.

## Sancións

O Xurado ten potestade para diminuír ata un 50% a contía dos fixos establecidos pola participación, nos seguintes supostos:

1. Participar sen obedecer aos criterios de valoración especificados nestas Bases.
2. Presentarse con retraso no lugar indicado pola organización do Desfile.
3. Desfilar cun número inferior de integrantes da comparsa ao indicado no momento de formalizar a inscrición.
4. Participar no Enterro do Bacallau cunha porcentaxe inferior ao 33% dos integrantes que participaron no desfile.
5. Non asistir ao Enterro do Bacallau ou chegar cun retraso de máis de 5 minutos sobre a hora prevista.
6. Non asistir caracterizado de rigoroso loito ao Enterro do Bacallau.
7. Desobedecer á organización ou calquera outra circunstancia que poida ser considerada motivo de penalización.

## Actas.

O día do Concurso o xurado reunirse ás 16:00h no Teatro Municipal, para xuntanza conxunta e inicio da tarefa encomendada. Unha vez finalizado o Desfile-Concurso, o Xurado redactará unha Acta de Escrutinio, na que se certificará o resultado do Concurso, con indicación das puntuacións e a motivación das mesmas polo Xurado, e os importes acadados polos participantes premiados, así como, aqueles premios desertos, de ser o caso. Esta xuntanza terá lugar nas instalacións da Radio Municipal ao remate do desfile.

Así mesmo, finalizado o Entroido, o luns 23 de febreiro ás 20:30h no Concello de Tui, o Xurado redactará unha Acta de Participación, que recollerá as cantidades económicas fixas destinadas a cada comparsa participante, así como as penalizacións, se as houbera.

Ambas Actas serán enviadas a cada entidade participante, unha vez finalizadas as actividades enmarcadas nestas Bases.

## NOVENA. PREMIOS E FIXOS POR PARTICIPACIÓN.

### Premios.

No Desfile-Concurso de Entroido 2026 outorgaranse 5.550 € en 12 premios de cinco categorías, sendo estas as seguintes:

- 1ª. Categoría Xeral: Poderán ser premiados até 4 participantes nesta categoría.
- 2ª. Categoría Carroza: Poderán ser premiados até 4 participantes nesta categoría.
- 3ª. Categoría Parodia: Poderá ser premiado até 2 participantes nesta categoría.
- 4ª. Categoría Coreografía: Poderá ser premiado 1 participante nesta categoría.
- 5ª. Categoría Música: Poderá ser premiado 1 participante nesta categoría.

Os premios están suxeitos á correspondente retención do IRPF. Repartiranse ademais 12 trofeos valorados en 300 €.

	Xeral	Carroza	Parodia	Coreografía	Música
1ª	800€	650€	500€	350€	350€
2ª	650€	500€	350€		
3ª	500€	350€			
4ª	350€	200€			

### Fixos por participación.

O importe fixo para as 12 comparsas participantes será de 750 € se desfilan con carroza e de 300 € se desfilan sen carroza.

O importe fixo para os 3 grupos participantes será de 300 € se desfilan con carroza e de 150 € se desfilan sen carroza.

Reservaranse 9.900 € como fixos por participación, cifra máxima establecida no caso de chegar ao máximo de inscritos permitidos e todos asistiran con carroza ao desfile.

## DÉCIMA. RESOLUCIÓN DO CONCURSO, COBRO DOS PREMIOS E DOS FIXOS POR PARTICIPACIÓN.

Unha vez enviadas as Actas de Escrutinio e Participación, requirirase a seguinte documentación ás entidades participantes.



Para cobrar os fixos por participación as entidades participantes presentarán unha factura a través de FACe, plataforma de facturación electrónica, achegando adxunta a seguinte documentación:

1. Certificacións acreditativas de estar ao corrente das abrigas tributarias(AEAT e ATRIGA), ao Concello de tui, e coa Seguridade Social, ou autorización do Concello para a súa comprobación, no anexo - modelo de solicitude de participación
2. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratación, segundo impreso normalizado.
3. Declaración responsable da exención do IVE, se fóra o caso, segundo impreso normalizado.
4. Certificado de código conta cliente da asociación inscrita.

O código DIR3 do Concello de Tui en FACe é o LO1360558.

A entrega dos certificados mencionados é obrigatoria tamén para o cobro dos premios, de ser o caso.

O cobro dos premios é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Resolución do procedemento co recoñecemento das obrigas económicas que supoñen os premios, correspóndelle á Xunta de Goberno Local. Para isto, o órgano instructor do expediente, tendo en conta a proposta de premios do Xurado e a documentación achegada polas entidades, formulará PROPOSTA de fiscalización previa da intervención municipal e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

## UNDÉCIMA. ENTERRO DO BACALLAU.

A inscrición no Desfile-Concurso leva a aceptación da entidade participante de asistir ao Enterro do Bacallau, cun mínimo do 33% do total dos membros da comparsa ou grupo que participaron no Desfile, o domingo 22 de febreiro a partir das 19:30 horas

Os participantes no Enterro do Bacallau deberán vestir de rigoroso loito, perfectamente identificados e acompañados por todos os músicos participantes no Desfile, de ser o caso. De non cumprir con estes requisitos, o Xurado poderá penalizar ás entidades participantes.

Os gañadores do Desfile-Concurso serán os encargados das seguintes cuestións:

1. Gañadores da categoría Xeral: portadores do Bacallau.
2. Gañadores da categoría de Carroza: fabricación do Bacallau.
3. Gañadores da categoría de Música: escolta musical do Bacallau.

### Percorrido.

O Enterro do Bacallau sairá ás 19:30 horas dende a Praza de San Fernando, onde se procederá a ler ou cantar as coplas ao finado Bacallau (2 persoas un máximo de 8 minutos, a cara descuberta) antes de velar e percorrer as rúas Seixas, Porta da Pía, Ordóñez, Corredoira, Camilo Jose Cela, Praza Galicia, Lugo e Aparcadoiro Municipal, onde terá lugar a cerimonia de incineración para dar remate á festa.

### Coplas.

As comparsas e os grupos que así o desexen poderán entregar unha copia das coplas, o mércores 18 de febreiro, a través da sede electrónica do Concello de Tui. A orde da lectura estará determinada pola orde de entrada no devandito rexistro electrónico.

En caso de suspensión do desfile para o sábado 21, as coplas serán presentadas o domingo 22 en horario de mañá por sede.

## DUODÉCIMA. ENTRADA EN VIGOR.

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Estarán a disposición dos interesados, xunto aos modelos de inscrición, na páxina web [www.tui.gal](http://www.tui.gal), no taboleiro de información e no departamento de Cultura do Excmo. Concello de Tui. Así mesmo, serán difundidas no Radio Municipal de Tui e nas redes sociais municipais, así como noutros medios de comunicación..

## DÉCIMO TERCEIRA. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a plena aceptación das presentes bases. A decisión derivada da aplicación dos criterios de avaliación do xurado é inapelable. O incumprimento de calquera das cláusulas poderá dar lugar á falta de pagamento das cantidades comprendidas na cláusula novena. A Concellería de Ensino, Cultura e Mocidade do Concello de Tui está facultada para resolver as eventualidades que poidan xurdir e non estean previstas nestas bases.



# ENTROIDO 2026 TUI

Martes 17 febreiro de 2026 ás 17:00h

SOLICITUDE Bases reguladoras e Convocatoria do Concurso Desfile de Comparsas & Grupos



<b>NOME DA ASOCIACIÓN</b>				<b>LUGAR DE PROCEDENCIA</b>				
<b>NOME E APELIDOS DO/A PRESIDENTE/A DA ASOCIACIÓN</b>				<b>D.N.I. PRESIDENTE/A DA ASOCIACIÓN</b>				
<b>ENDEREZO ASOCIACIÓN</b>		<b>Nº</b>	<b>PARROQUIA</b>	<b>C. P.</b>	<b>LOCALIDADE</b>			
<b>NIF ASOCIACIÓN</b>		<b>TELÉFONO ASOCIACIÓN</b>		<b>CORREO ELECTRÓNICO ASOCIACIÓN</b>				
<b>CÓDIGO CONTA BANCARIA ASOCIACIÓN</b>								
<b>COMPROBACIÓN DE DATOS ASOCIATIVOS.</b> Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo e aportar unha copia dos mesmos (art.28.2 Lei 39/2015)							<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>	
NIF DA ASOCIACIÓN PARTICIPANTE			<input type="checkbox"/>	DNI DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN			<input type="checkbox"/>	
<b>CONTACTO INSCRIPCIÓN E FACTURACIÓN</b>		<b>CONTACTO DESFILE - MARTES 17</b>			<b>CONTACTO ENTERRO - DOMINGO 22</b>			
<b>NOME</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>NOME</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>NOME</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>NOME</b>	<b>TELÉFONO</b>	
<b>PARTICIPACIÓN</b>								
<b>MODALIDADE</b>		<b>Nº PERSOAS</b>	<b>INFO CATEGORÍA MUSICAL</b>				<b>MEDIDAS CARROZAS</b>	<b>EDICIÓNS</b>
Comparsa			Música con instrumentos	Si	Non	Nº músicas	1ª	
Grupo			Música sonorizada	Si	Non	Vatios	2ª	
							3ª	
							4ª	
<b>NOME OFICIAL OU IDENTIFICACIÓN DA COMPARSA ou GRUPO NO DESFILE</b>								
<b>COMPROBACIÓN DE DATOS.</b> Consentimento para a comprobación de datos tributarios ou outros cuxa lexislación específica requira o consentimento expreso. A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa. No caso de opoñerse ou non poder o concello acceder á comprobación deberá presentar os correspondentes certificados.								
							<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>	
No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Tui ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.							SI	NON
Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT e ATRIGA).								
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social (No caso de non estar dados de alta na seguridade social, compren presentar o de non estar inscritos, dado que nese caso, só o expiden ao titular)								
Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Tui								
<b>OBSERVACIÓNS</b>								
<b>ORDE DE SAÍDA</b>								
A orde de saída dos participantes, unha vez publicada no Taboleiro de Anuncios a aceptación dos participantes debidamente inscritos, asignarase mediante sorteo público, que se realizará o luns 9 de febreiro ás 20:00h no Salón de Plenos do Excmo. Concello de Tui. Ao mesmo deberá asistir obrigatoriamente un representante, maior de idade, de cada entidade inscrita. A cada participante outorgaráselle un número que deberá levar nun lugar visible, tanto no Desfile – Concurso, coma no Enterro do Bacallau, respectando a seguinte orde de saída: 1ª - Comparsas sen música en directo 2ª - Comparsas con musica en directo realizada con instrumentos 3ª - Comparsas sen carroza 4ª - Grupos								
<b>CONFORMIDADE</b>								
Dou conformidade de que logo de ler as Bases de Participación do Desfile-Concurso de Comparsas e Grupos do Entroido 2026 na Cidade de Tui, acepto participar, estando de acordo coas mesmas, polo que asino								
En _____, a _____ de _____ de 2026 ás _____ : _____ horas								

Departamento de Cultura - Concellería de Cultura - Excmo. Concello de Tui - Praza do Concello, 1 - 36700 - TUI  
Teléfono: 986 60 36 25 - www.tui.gal - info@culturatui.info

Información básica sobre protección de datos:  
Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril 2016 (RGPD) e Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, 3/2018 (LOPDGDD):

RESPONSABLE	Concello de Tui
FINALIDADE	Establecer as necesarias comunicacións cos administrados
LEXITIMACIÓN	Consecuencia da execución dun contrato Art.6.1. b)
DESTINATARIOS	Non se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal
DEREITOS	Asístenlle os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade e limitación Poderá exercelos nas nosas oficinas ou no enderezo electrónico: rexistro@tui.gal
INFORMACIÓN ADICIONAL	Na nosa web www.tui.gal no apartado de políticas de privacidade



# ENTROIDO 2026 TUI

Martes 17 febreiro de 2026 ás 17:00h

SOLICITUDE Bases reguladoras e Convocatoria do Concurso Desfile de Comparsas & Grupos



## MEMORIA EXPLICATIVA DA COMPARSA nome:

### Explicación detallada sobre a súa comparsa, incluíndo:

- Temática elixida e o seu significado: Que representa? Por que a escolleron?
- Concepto creativo: Idea principal e mensaxe que desexan transmitir
- Elementos destacados: Descrición dos compoñentes máis relevantes do deseño
- No caso de levar carroza detallar o que representa, materiais empregados, dimensións...

*Esta información será utilizada para: facilitar o labor da persoa presentadora durante o desfile, server de apoio ao xurado na súa valoración, mellorar a difusión e promoción do evento*

